



PROXECTO EDUCATIVO

CEIP PLURILINGÜE DE FOZ NÚMERO 1

Informado polo Claustro: 29/01/2019

Avaliado polo Consello Escolar: 29/01/2019

Aprobado pola Dirección: 29/01/2019

Revisións: Recollidas na addenda.

Índice

1.Introdución.....	4
2.Marco legislativo.....	4
CAPÍTULO I: CARACTERÍSTICAS DO CONTORNO ESCOLAR E SINAIS DE IDENTIDADE.....	5
Disposicións xerais.	
1.- Características do contorno escolar e necesidades específicas	
1.1. Contorno social, económico e cultural	
1.2. Contorno lingüístico	
1.3. Necesidades educativas a satisfacer	
2. Sinais de identidade	
2.1. Características do centro	
2.1.1. Infraestruturas e recursos materiais	
2.1.2. O alumnado	
2.1.3. O profesorado	
2.1.4. O persoal non docente	
2.1.5. Oferta educativa	
2.1.6. Horario xeral do centro	
2.1.7. Servizos complementarios	
2.2. Valores, principios e fins	
2.2.1. Valores	
2.2.2. Principios de identidade	
2.2.3. Fins educativos	
2.3. Obxectivos xerais	
2.4. Prioridades de actuación	
CAPÍTULO II: DESENVOLVEMENTO CURRICULAR	10
1. Adecuación dos obxectivos ao contexto socioeconómico e cultural e ao alumnado	
1.1. Obxectivos da Educación infantil	
1.2. Obxectivos da Educación Primaria	
2. Decisións xerais sobre a metodoloxía	
3. Contribución da etapa á consecución das competencias clave	
4. Criterios xerais do centro sobre avaliación	
5. Criterios xerais do centro sobre promoción	
6. Criterios para a concesión da mención honorífica	
7. Informes	

8. Procedemento e prazo de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción na educación primaria
9. Liñas xerais de atención á diversidade
10. Criterios para o tratamento transversal dos valores nas diferentes áreas de educación infantil e primaria
11. Criterios xerais do centro para a elaboración das programacións
12. Obxectivos para o desenvolvemento do proxecto bilingüe
13. Medidas organizativas para o período de adaptación en ed. Infantil

CAPÍTULO III: PLANS E PROGRAMAS 18

1. Proxecto Lingüístico
2. Proxecto Lector
3. Proxecto de educación dixital
4. Plan para a promoción de estilos de vida saudables
5. Plan de Atención á Diversidade
6. Plan de Orientación e Acción Titorial
7. Plan específico de reforzo ou recuperación e apoio
8. Plan de convivencia

CAPÍTULO IV 18

Difusión, revisión e avaliación do Proxecto Educativo

- *Difusión do Proxecto Educativo*
- *Revisión do Proxecto Educativo*
- *Avaliación do Proxecto Educativo*

ADENDA 19

1. Introducción.

O **Capítulo II do Título V da Lei Orgánica 2/2006** de Educación (LOE), modificada pola **Lei Orgánica 8/2013**, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE) e modificada pola Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro (LOMLOE) no seu Artigo 120 que regula a **autonomía dos centros**.

Os centros docentes terán autonomía para elaborar, aprobar e executar un proxecto educativo (Artº 120.2) Seguindo a definición de Rey, R. e Santa María, J.M. (2000): *...“o PE é un instrumento con proxección de futuro, pensado e elaborado pola comunidade escolar, a partir da propia realidade, que actúa de modo coherente sobre a práctica docente coa intención de melloralala, e dota aos centros da eficacia necesaria para alcanzar os obxectivos pretendidos e que inclúe todos os aspectos esenciais do centro”.*

2. Marco legislativo.

Para a elaboración deste documento tívose en conta a seguinte normativa:

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE_ BOE 04.05.06), modificada pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE_ BOE 10.12.2013)
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG 15.07.11) _Artº 10
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG 27,01,15)
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario (DOG25,05,10)
- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG 21.10.96) Artº 86, 87 e 88.
- Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da _Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG 02.09.97) Capítulo I
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da CCAA de Galicia nos que se imparten as ensinanzas LOE (DOG 21.12.11) Sección terceira
- Decreto 105/2014. do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG_09.09.14)
- Decreto 330/2009. do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 23.06.09)
- Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG 10.06.16)
- Orde do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes (DOG 24.07.07)
- Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan os centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galicia e se establece o procedemento de incorporación de novos centros á Rede de Centros Plurilingües de Galicia. (DOG 20.05.2011)

- Orde 12 de maio de 2011 pola que se regulan as seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario (DOG 20.05.11) Artº 3.5
- Instrución do 6 de setembro de 2019, da dirección xeral de educación, formación profesional e innovación educativa, para a elaboración de "Plans de igualdade" no curso 2019/2020. Baseada na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio.
- Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, LOMLOE, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Orde do 8 de setembro do 2021, pola que se desenvolve o decreto 229/2011, do 7 de decembro no que se regula a atención á diversidade.
- Orde 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, secundaria e bacharelato do sistema educativo de Galicia.
- Real Decreto 157/2022, do 1 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas de educación primaria.
- Resolución do 26 de maio de 2022 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, primaria, secundaria e bacharelato do curso académico 22-23.
- Decreto 150/2022 do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo de educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 155/2022 do 15 de setembro polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/2024 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

CAPÍTULO I: CARACTERÍSTICAS DO CONTORNO ESCOLAR E SINAIS DE IDENTIDADE

Disposicións xerais.

1.- Características do contorno escolar e necesidades específicas.

1.1. Contorno social, económico e cultural

O CEIP Plurilingüe de Foz número 1, está situado na Mariña de Lugo, na vila de Foz, situado entre tres rúas: "Alfonso X O Sabio", "Eduardo Pondal" e "Salvador de Madariaga". Conforma un dos catro centros educativos de infantil e primaria da localidade.

A poboación desta zona está composta fundamentalmente polo sector servizos, empregados da factoría de aluminio, mariñeiros de baixuras e en pequena escala comerciantes, empresarios e funcionarios.

Na actualidade o nivel económico das familias deste centro, unha gran porcentaxe é de tipo medio. Na última década, foi chegando ao centro poboación procedente doutros países, na súa maioría de orixe marroquí e latino.

Na súa maior parte, as familias do centro teñen un nivel cultural medio, agás unha pequena porcentaxe, especialmente formada por familias inmigrantes con menos recursos e formación.

1.2. Contorno lingüístico

Na vila de Foz empréganse o galego e o castelán sen existir un predominio dunha sobre a outra, aínda que se observa unha lixeira vantaxe en favor do galego.

Na nosa Comunidade Educativa, a lingua predominante é o galego pero hai unha ampla porcentaxe de alumnado que ten como lingua materna o castelán. O incremento de alumnado castelán falante, vén dado como consecuencia dunha gran porcentaxe de poboación inmigrante tanto do estranxeiro como doutras Comunidades Autónomas.

1.3. Necesidades educativas a satisfacer

As necesidades educativas están en clara consonancia coa análise feita anteriormente sobre a situación socioeconómica, cultural e lingüística da zona. A tenor do exposto, as necesidades educativas a satisfacer na poboación escolar son as seguintes:

- Compensar a situación de partida desfavorecida dunha parte do alumnado, tratando de garantir a igualdade de oportunidades para todos.
- Preparar ao alumnado para abordar as futuras etapas educativas.
- Formar cidadáns comprometidos coa igualdade de oportunidades de homes e mulleres.
- Crear un clima de convivencia positivo que favoreza integración do alumnado e a resolución pacífica de conflitos.

2. **Sinais de identidade**

2.1. Características do centro

2.1.1. Infraestruturas e recursos materiais

O CEIP Plurilingüe de Foz número 1, é un centro urbano, rodeado polas rúas: Eduardo Pondal, Salvador de Madariaga e Alfonso X, O Sabio. O centro foi rehabilitado no ano 2019, coas obras de Eficiencia Enerxética da Consellería de Educación que repercutiron na mellora das infraestruturas. Está formado por dous edificios para as diferentes aulas e outros servizos como biblioteca, comedor, salón de actos e laboratorio de radio escolar. Tamén contamos cunha pequena pista deportiva cuberta e un ximnasio con baños exteriores.

A nivel de recursos materiais, temos en todas as aulas encerados brancos, ordenador e proxector ademais dos paneis interactivos de recente dotación da Xunta para infantil 1º e 2º de primaria e os equipos para a administración do centro. Na actualidade contamos con tres aulas con equipamento correspondente ao programa E-dixgal (encerado dixital, ordenador e ordenadores para cada alumno/a).

Na biblioteca contamos con gran equipamento tanto de mobiliario como de fondos bibliográficos, medios informáticos e relacionados con robótica, espazo creativo, programación e radio escolar.

Pola participación dende o 2009/2010 no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares de Galicia, a inclusión da biblioteca nos programas de "Radio na Biblio", "Voluntariado de lectura - A" e "Bibliotecas Creativas", ademais da participación nos programas de "Digicraft", "Contratos programa", "Voz Natura" e PFPP en centro, recibimos fondos extra por parte da administración que nos permite ofrecer ao alumnado un maior número de recursos que redundan nunha mellora da calidade no ensino.

2.1.2. O alumnado

A maioría do alumnado do centro procede do núcleo urbano, sendo a meirande parte familias focegas e de Concellos próximos. Temos unha comunidade asturiana destacable, afincadas no Concello dende os anos 80 coa chegada de Alcoa á comarca. Nos últimos anos veuse incrementado o número de alumnado procedente doutros países, sobre todo de orixe marroquí e latino.

2.1.3. O profesorado

O claustro de profesorado está formado por 15 persoas, máis dous mestres compartidos con outros centros educativos. O 100% do profesorado ten destino definitivo. Dispostos do seguinte xeito:

4 mestres de educación infantil, 5 mestres de educación primaria, 1 mestre de francés, 1 mestre de inglés, 1 mestre de educación física, 1 mestre de música, 1 mestre de pedagogía terapéutica e 2 mestres de audición e linguaxe compartidos con outros centros educativos. O servizo de orientación é compartido con outro centro público da localidade. O profesorado de relixión é compartido con outros centros.

2.1.4. O persoal non docente

Contamos cunha persoa pertencente ao Concello que fai a función de conserxe e de mantemento das instalacións, dúas persoas da limpeza (media xornada cada unha) que pertencen ao Concello e tres auxiliares que atenden o servizo de comedor dado que é un comedor pertencente á Consellería, de xestión indirecta.

2.1.5. Oferta educativa

Contamos cunha liña educativa dende 4º de educación infantil ata 6º de educación primaria.

Ofertamos na materia de Proxecto Competencial, nos cursos de 3º, 4º, 5º e 6º de primaria unha aprendizaxe por proxectos con base en coñecementos STEAM, empregando de xeito directo o "Espazo Maker" da Biblioteca con todos os seus recursos materiais. Ante a futura chegada dos "Polos Creativos" aos centros, ampliarase esta espazo cos materiais que aporte.

Contamos con unha sección bilingüe e cinco niveis plurilingües. Pertencemos á rede de centros plurilingües dende o curso 2019/2020.

Participamos nos "Contratos Programa", EduInnova e EduInclúe.

Dende o curso 2009/2010 pertencemos á rede de bibliotecas PLAMBE, participando nos programas de "Radio na biblio", "Voluntariado lector" e "Bibliotecas Creativas", onde integramos o proxecto "Digicraft", ademais da participación en "Voz Natura".

2.1.6. Horario xeral do centro

O horario lectivo é de 9:00h. a 14:00h. Non obstante, o alumnado pode quedar ata as 17:00h e participar en actividades extraescolares ou permanecer no centro de luns a venres baixo a supervisión dos mestres de garda, sempre que xustifiquen a necesidade por conciliación da vida familiar.

Os mestres temos reunión dos diferentes niveis educativos e departamentos, todos os luns de 16:00h. a 18:00h. Os segundos luns de cada mes, dedícanse ás titorías coas familias.

2.1.7. Servizos complementarios

Contamos con servizo de comedor escolar pertencente á Consellería de Educación, sendo de xestión indirecta.

A ANPA oferta diferentes actividades culturais, educativas e deportivas, ademais do servizo de “madrugadores”.

2.2. Valores, principios e fins

2.2.1. Valores

Pluralismo

Educarase ao alumnado para vivir nunha sociedade plural na que se debe respectar ao demais.

Convivencia pacífica

Favorecerase un bo clima de convivencia e facilitaranse ferramentas para a solución pacífica de conflitos.

Valores democráticos

Transmitiranse os valores dunha sociedade democrática: respecto cara aos demais e cara a un mesmo, o sentido da liberdade ligado ao da responsabilidade, a solidariedade, o respecto á xustiza, a satisfacción polo traballo ben feito e o interese pola participación na mellora da sociedade.

2.2.2. Principios de identidade

O CEIP Plurilingüe de Foz número 1, é un centro público, aconfesional que busca o desenvolvemento integral do alumnado e o dominio das habilidades instrumentais básicas fomentando a participación, investigación e a creatividade.

Estamos a traballar cun currículo integrado de linguas e tratamos de buscar da interacción co medio.

A nosa metodoloxía de traballo está enfocada a ofrecer un entorno creativo e a favorecer o desenvolvemento das habilidades cognitivas e emocionais, fomentando a aprendizaxe por proxectos e cooperativo, dándolle un papel fundamental ao uso das novas tecnoloxías e onde o alumnado sexa o protagonista da súa aprendizaxe.

Aconfesionalidade

O centro respectará a pluralidade ideolóxica, especialmente nos aspectos políticos e relixiosos.

Democrático

Fomentando valores baseados no respecto, liberdade e tolerancia dentro dos principios democráticos de convivencia.

Calidade

Calidade de educación para todo o alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias.

Equidade

Equidade na educación, que garanta a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento da personalidade. A educación é o instrumento máis poderoso para compensar as desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, especialmente as que se derivan de calquera tipo de discapacidade.

2.2.3. Fins educativos

Formación plena

Proporcionar ao alumnado unha formación plena que lle permita o desenvolvemento da súa capacidade para exercer, de xeito crítico e nunha sociedade plural, a liberdade, a tolerancia e a solidariedade.

Transmisión de valores

Transmitir e exercitar os valores que fan posible a vida en sociedade, singularmente o respecto a todos os dereitos e liberdades fundamentais e adquirir os hábitos de convivencia democrática e do respecto mutuo.

2.3. Obxectivos xerais

O CEIP Plurilingüe de Foz número 1 perseguirá coa súa práctica educativa os seguintes obxectivos xerais:

1. Educar no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
2. Educar no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos.
3. Preparar ao alumnado para o exercicio da cidadanía, con actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación ás situacións cambiantes da sociedade do coñecemento.
4. Fomentar o desenvolvemento das capacidades creativas e do seu espírito crítico.
5. Formar no respecto á pluralidade lingüística e cultural como elemento enriquecedor da sociedade.
6. Promover no noso alumnado valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación.
7. Fomentar unha actitude de respecto e compromiso co medio, empezando polo propio centro e participando activamente na súa conservación.
8. Promover métodos de traballo e organización persoal que faciliten o estudo: Observación, análise, síntese e reflexión sobre as cousas e feitos.
9. Promover comportamento saudables (hábitos de hixiene, consumo responsable ...).

2.4. Prioridades de actuación

Compensación das desigualdades

Aplicaranse todas as medidas compensatorias necesarias co fin de asegurar a igualdade de oportunidade do alumnado do centro, independentemente da súa orixe familiar, da súa contorna social e cultura e das súas posibilidades económicas.

Atención á diversidade

Aplicaranse as medidas educativas necesarias de atención á diversidade que posibiliten ao alumnado desenvolver ao máximo as súas capacidades e competencias.

Preparación para os retos da sociedade do coñecemento

Utilizaranse todos os medios e recursos necesarios para preparar ao alumnado de xeito que sexa quen de enfrontarse a unha sociedade tecnolóxica e en continuo cambio.

OPORTUNIDADES:

- A administración educativa oferta unha serie de proxectos e de formación e innovación co que estamos a incentivar a mellora da calidade educativa.
- A nivel de centro dispoñemos dunha páxina web ao servizo de toda a comunidade educativa e xunto co blog da biblioteca están en continua actualización.
- Na localidade de Foz, contamos cunha serie de recursos e actividades externas proporcionadas polo Concello, como: actividades promovidas pola biblioteca pública, pola Concellería de cultura e xuventude, educación viaria...
- Outras visitas a espazos como peixarías, panadaría, porto, praias...
- Neste centro estamos a colaborar coa ANPA, integrando ás familias en actividades do centro: Teatro, Letras Galegas, Entroido, invernadoiro, festas, xogos...

CAPÍTULO II: DESENVOLVEMENTO CURRICULAR**1. Adecuación dos obxectivos ao contexto socioeconómico e cultural e ao alumnado****1.1. Obxectivos da Educación infantil**

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- e) Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento o xesto e o ritmo.
- h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.
- i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

1.2. Obxectivos da Educación Primaria

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e

respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.

e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.

i) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

n) Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

ñ) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

2. Decisións xerais sobre a metodoloxía

O traballo basearase nunha metodoloxía activa, fomentando no alumnado unha actitude curiosa, crítica e investigadora que, mediante o traballo individual e colectivo, se converterá na base da súa formación e o capacitará para aprender a aprender e poder seguir facéndoo ao longo de toda a súa vida.

O labor educativo e disciplinario basearase no respecto mutuo, na responsabilidade, no diálogo, na reflexión, na colaboración e na solidariedade.

3. Contribución da etapa á consecución das competencias clave

Podemos definir a competencia como a capacidade de responder a demandas complexas e levar a cabo tarefas diversas de forma adecuada mediante unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilicen conxuntamente para lograr unha acción eficaz.

Os obxectivos da educación desprázanse, así, á adquisición dunha serie de competencias clave que engloban coñecementos teóricos, habilidades ou procedementos e actitudes, e dicir, que van dirixidas ao saber, ao saber facer e ao saber estar, dotando ao alumnado dos elementos necesarios para facer fronte aos retos da sociedade actual.

Actualmente, recoñécense 7 competencias clave:

- a) Competencia en comunicación lingüística. (CCL)
- b) Competencia plurilingüe. (CP)
- c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería. (STEM)
- d) Competencia dixital (CD).
- e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender. (CPSAA)
- f) Competencia cidadá. (CC)
- g) Competencia emprendedora. (CE)
- h) Competencia en conciencia e expresións culturais. (CCEC)

4. Criterios xerais do centro sobre avaliación

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Os mestres e as mestras avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente, para o que establecerán indicadores de logro nas programacións docentes.

A avaliación do grao de adquisición das competencias debe estar integrada coa avaliación dos contidos, na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, destrezas, actitudes e valores para dar resposta ás situacións

formuladas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integrador.

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións serán os indicadores de logro pautados das diferentes programacións didácticas, segundo o currículo 155/2022, do 15 de setembro).

5. Criterios xerais do centro sobre promoción

O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado ou os obxectivos da etapa, e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes.

Ao finalizar o curso de segundo, cuarto e sexto da etapa de primaria, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión estará en función dos criterios de promoción, tomando especialmente en consideración a información e criterio do titor ou titora. A promoción no resto dos cursos da etapa será automática.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN		CADRO RESUMO DE POSIBILIDADES	
NIVEL	SITUACIÓN	DECISIÓN	OUTRAS ACTUACIÓNS
2º, 4º e 6º de Ed. Primaria	Todo aprobado	Promociona	Non procede
	Ten suspensos pero xa repetiu	Promociona por imperativo legal. Decreto 229/2011 do 7 de decembro. Art. 17 Decreto 105/2014 do 4 de setembro. Art. 13 Orde 8 de setembro de 2021, que desenvolve o decreto anterior.	Elaborar unha ACI si é o caso.
	Se non acada os obxectivos en dúas áreas	Promociona	Plan de reforzo ou recuperación para o alumnado que promociona con materias suspensas.
	Se non acada os obxectivos en tres ou máis áreas, sendo dúas delas lingua castelá e lingua galega e/ou matemáticas.	Non promociona , salvo que o/a titor/a oído o equipo de profesorado, considere o contrario tras valorar o esforzo, a madurez e a importancia da súa integración no grupo de referencia.	Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso. Orde do 8 de setembro, Art. 50
	Se non acada os obxectivos en tres áreas, sendo unha delas unha materia instrumental (lingua galega, castelá ou matemáticas).	Promociona , salvo que o/a titor/a oído o equipo de profesorado, considere o contrario.	Plan de reforzo ou recuperación para o alumnado que promociona con materias suspensas.

6. Criterios para a concesión da mención honorífica

Os centros docentes poderán propoñer o outorgamento dunha Mención Honorífica aos alumnos e ás alumnas que obtiveran Sobresaliente ao rematar educación primaria nunha área e que demostren un rendemento académico excelente (Artº 14.2 Decreto 105/2014).

Neste centro acordamos en reunión de claustro, conceder esa mención honorífica ao alumnado que teña unha porcentaxe maior a un 50% de sobresalientes en varias materias no terceiro ciclo de educación primaria e farase constar no seu expediente académico.

7. Informes

Segundo as instrucións do artigo 6 da Orde de avaliación do 25 de xaneiro de 2022, sobre a promoción, art. 6.5, compre que ao finalizar os cursos de 2º e 4º de primaria, o profesorado titor emitirá un informe sobre o grado de adquisición das competencias de cada alumno/a, indicando de ser o caso as medidas de reforzo que se deben aplicar no curso seguinte.

No artigo 6.6, ao finalizar a etapa, o profesor titor elaborará un informe sobre a evolución de cada alumno/a e o grado de adquisición das competencias desenvolvidas, no caso de alumnado con NEE o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.

8. Procedemento e prazo de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción na educación primaria.

Seguirase o establecido nos artigos 4 e 5 da Orde do 2 de marzo de 2021.

Calendario de reclamacións

TRÁMITES E ACTUACIÓNS		PRAZOS
Presentacións	Reclamación formal ante a dirección.	Dous días lectivos ou, se é o caso, hábiles desde o día seguinte á comunicación.
Revisión no centro	Decisión de modificación ou ratificación da cualificación final (informe do equipo docente ou departamento didáctico).	Primeiro día lectivo seguinte ou, se fose o caso, hábil a aquel en que finalice o período de solicitude de revisión.
	Reunión extraordinaria para revisar o proceso de adopción da decisión de promoción ou titulación á vista das alegacións realizadas.	Dous días lectivos ou, se é o caso, hábiles desde a finalización do período de solicitude de revisión.
	Comunicación da decisión ao alumnado reclamante, e á persoa docente titora.	Día lectivo , ou se fose o caso, hábil , seguinte.
	Anotación nas actas de avaliación, e no seu caso, no expediente e no historial académico, da oportuna dilixencia (secretaría do cento) no caso de modificación dalgunha cualificación final.	Tras o proceso de revisión.
Reclamación ante a Xefatura Territorial	Reclamación ante a Xefatura Territorial no caso	Dous días hábiles a partir do día seguinte á

	de que persista o desacordo.	comunicación sobre a decisión adoptada.
	Anotación nas actas de avaliación, e no seu caso, no expediente e no historial académico, da oportuna dilixencia (secretaría do centro) no caso de modificación dalgunha cualificación fina.	Tras o proceso de revisión.

9. Liñas xerais de atención á diversidade

Segundo o artigo 57.1 da Orde do 8 de setembro de 2021 (pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 que regula a atención á diversidade en Galicia) "o apoio do profesorado especialista en PT e /ou en AL...débase entender como un recurso dirixido especialmente á atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais, sen prexuízo de que, excepcionalmente, atenda outro alumnado con necesidade específica de apoio educativo". Segundo o artigo 7 da citada Orde do 8 de setembro de 2021 "enténdese por alumnado que presenta necesidades educativas especiais o que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe derivadas de discapacidade, trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento".

Segundo o anteriormente citado artigo 57, apartado 2b, establece que o profesorado de PT e AL debe "prestar atención docente ao alumnado indicado no punto 1 deste artigo, segundo a proposta de distribución da docencia do profesorado de apoio realizada pola Xefatura do Departamento de Orientación á Xefatura de estudos e autorizada pola dirección do centro docente. Esta atención en ningún caso substituirá á do profesorado titor nin á do profesorado que imparta as áreas ou materias en que o alumnado reciba o apoio".

O artigo 57.4 indica que a atención docente directa polo profesorado de apoio realizarase con carácter xeral dentro da aula ordinaria do alumnado a que apoia. Fóra da aula ordinaria esa atención terá carácter excepcional, deberá constar no informe psicopedagóxico, terá unha distribución semanal equilibrada e non poderá exceder a terceira parte dos períodos lectivos semanais, que en ningún caso suporá a totalidade do horario lectivo semanal dunha determinada área. Da atención excepcional fóra da aula exclúense as intervencións do profesorado de AL que teñan que ver coa reeducación da produción oral do alumnado. Neste caso esas intervencións só ocuparán unha fracción do período lectivo.

De acordo coa lexislación vixente, a orde de prioridades para atender alumnos con NEE, en función dos recursos dispoñibles, sería a seguinte:

- A n.e.a.e. xa escolarizado con ACI
- A n.e.a.e. xa escolarizado con informe psicopedagóxico e/ou ditame de escolarización realizado.
- A n.e.a.e. de nova incorporación e con informe psicopedagóxico e/ou ditame de escolarización realizado.
- Alumnado con discapacidade, trastornos graves de conduta e da comunicación e da linguaxe.
- A n.e.a.e. asociado á sobredotación.
- No suposto de coincidir no noso centro un número tal de alumnos con NEE moi significativas que reborde a dispoñibilidade horaria do profesorado de apoio, a utilización destes servizos farase en función das necesidades e do nivel atencional e de supervisión que requiran estes alumnos con NEE.

- Continuarase cos apoios realizados no curso anterior, priorizando de infantil a 6º de primaria.
- Terase en conta a existencia doutros alumnos con NEE e n.e.a.e. moi significativas nese mesmo grupo – clase, a ratio profesor/nº de alumnos e a dispoñibilidade horaria dese profesor/a.
- As intervencións do profesorado de apoio realizaranse segundo o establecido na Orde do 8 de setembro de 2021.
- Buscarase un apoio de calidade fronte a un de cantidade.

10. Criterios para o tratamento transversal dos valores nas diferentes áreas de educación infantil e primaria.

Na etapa de educación infantil atenderase progresivamente ao desenvolvemento afectivo, á xestión emocional, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e da linguaxe, e ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento da contorna, dos seres vivos que nela conviven e das características físicas e sociais do medio en que viven. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente. Tamén se incluírá a educación en valores. Inclúirase a educación para o consumo responsable e sustentable, e a promoción e a educación para a saúde que fomente uns hábitos saudables. Favorecerase que as nenas e os nenos adquiran autonomía persoal e elaboren unha imaxe de si mesmos positiva, equilibrada, igualitaria e libre de estereotipos discriminatorios, incluíndo o coñecemento da diversidade familiar existente.

Na etapa de educación primaria trataranse como mínimo aqueles contidos de carácter transversal que fomenten a creatividade, o espírito científico e do emprendemento e a competencia dixital a través da comprensión lectora, a expresión oral e escrita e a comunicación audiovisual. De igual modo, desde todas as áreas promoverase a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo – sexual.

Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores.

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade, e o respecto polo Estado de dereito.

Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

Promoveranse actividades que permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

11. Criterios xerais do centro para a elaboración das programacións

As programacións didácticas serán elaboradas na aplicación PROENS. Cada responsable da elaboración das mesmas, coordinadores de ciclo e titores, enviarán as citadas programacións á Xefatura de Estudos. Co carácter xeral, a Dirección remitirá ditas programacións didácticas a Inspección Educativa, segundo a Orde do 23 de maio de 2023.

Corresponde á Comisión de Coordinación Pedagóxica, establecer as directrices xerais para á súa elaboración e revisión, así como velar polo seu cumprimento.

As programacións didácticas incluírán en cada materia, polo menos, os seguintes elementos:

- a) Introducción e contextualización.
- b) Obxectivos e aúa contribución ao desenvolvemento das competencias.
- c) Relación de unidades didácticas.
- d) Distribución do currículo segundo as unidades didácticas.
- e) Concrecións metodolóxicas.
- f) Materiais e recursos didácticos.
- g) Procedemento para a avaliación inicial.
- h) Criterios de cualificación e recuperación.
- i) Medidas de atención á diversidade.
- j) Concreción dos elementos transversais.
- k) Actividades complementarias.
- l) Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
- m) Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora.
- n) Outros apartados.

12. Obxectivos para o desenvolvemento do proxecto plurilingüe.

- Mellorar a competencia comunicativa.
- Mellorar a competencia cognitiva.
- Contribuír a un mellor desenvolvemento integral do alumnado.
- Desenvolver a creatividade, a imaxinación e a educación multicultural.
- Contribuír ao aumento do coñecemento doutras culturas e modos de vida, e ao fomento de actitudes de comprensión e tolerancia cara as mesmas.
- Contribuír a un aumento de vocabulario nas distintas temáticas que se traballen no desenvolvemento das actividades plásticas.
- Poder contar cunha persoa de apoio nativa inglesa.

13. Medidas organizativas para o período de adaptación en ed. Infantil

Segundo a Orde do 3 de maio de 2023, pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24, artigo 4, apartado 6, establece que os centros docentes que impartan a etapa de educación infantil poderán optar por unha incorporación gradual do alumnado matriculado no cuarto curso da etapa, que non se prolongará máis alá do día 15 de setembro de 2023.

A planificación do período de adaptación incluírá o desenvolvemento dos seguintes aspectos:

- Participación e colaboración das familias neste período.
- Flexibilización do calendario e horario dos nenos e nenas que se incorporan por primeira vez ó centro.
- Actividades encamiñadas á mellor adaptación destes alumnos.

CAPÍTULO III: PLANS E PROGRAMAS: (Anexados a continuación)

1. **Proxecto Lingüístico** (en proceso de renovación).
2. **Proxecto Lector** (2023/2026).
3. **Plan dixital** (revisión anual).
4. **Plan para a promoción de estilos de vida saudables** (revisión anual).
5. **Plan de Atención á Diversidade** (elaboración anual).
6. **Plan de Orientación e Acción Titorial** (elaboración anual).
7. **Plan específico de reforzo ou recuperación e apoio** (revisión anual).
8. **Normas de Organización e Funcionamento** (revisión anual).
9. **Plan de Igualdade** (revisión anual).

CAPÍTULO IV***Difusión, revisión e avaliación do Proxecto Educativo***

- *Difusión do Proxecto Educativo*

Este proxecto será posto a disposición de toda a comunidade educativo do centro que o poderá consultar na páxina web do centro.

Á directiva da ANPA, será entregada unha copia, para que podan dar a coñecer ao resto das familias.

Todos os documentos do centro estarán á disposición de calquera usuario que os queiran consultar na páxina web do centro.

- *Revisión do Proxecto Educativo*

Cada comezo de curso escolar estamos obrigados á súa revisión, dada a cantidade de novos plans nos que o centro está a participar e outros que por parte da administración solicitan a elaboración.

- *Avaliación do Proxecto Educativo*

A avaliación será cada curso no mes de xuño, quedará recollida na memoria final de curso.

ADENDA

O presente Proxecto Educativo foi elaborado e informado ao Claustro de profesorado, avaliado polo Consello Escolar e aprobado pola Dirección do Centro o 29 de xaneiro de 2019.

Revisións do proxecto:

- Outubro de 2019.
- Outubro de 2020.
- 14/02/2022 polo Claustro de profesorado e o 15/02/2022 polo Consello Escolar.
- 17/10/2022 polo Claustro e Consello Escolar.
- 30/10/2023 polo Claustro e Consello Escolar.